

AER DEVOLVE 7.238,03€ AO CONCELLO DE REDONDELA DAS “ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS”

Informar de que a **AER**, Agrupación de Electores de Redondela, procedeu á **DEVOLUCIÓN de 7.232,03€ AO CONCELLO DE REDONDELA** que proveñen das **ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS** que recibe do mesmo:

ORDENANTE	
A.E.R. GRUPO POLITICO MUNICIPAL . CL.PAI CRESPO, 15 36800 REDONDELA (CASCO URBANO) PONT	
IMPORTE ABONO (1):	COMISION SI (1)
7.238,03	TRANSFERENCIAS INTERIORES
CONCEPTO	
DEVOLUCION ASIGNACION A OS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA	
BENEFICIARIO	
CONCELLO DE REDONDELA	

En **AER** cada trimestre ingresamos do Concello por Grupo Político Municipal 975€, 675€ polo “grupo” máis 75€ por “cada un das 4 concelleiras/os”, que despois deste mandato nos deixan os seguintes números:

Total Ingreso Asignacións mandato: 15.600€
Total DEVOLUCIÓN AER Asignacións: 7.238,03€
Gasto Total Asignacións AER: 8.361,97€

AER presentou unha **moción no pleno de febreiro 2015 onde se solicitaba a creación dun REGULAMENTO para as ASIGNACIÓN E SUBVENCIONES AOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS**. Dita moción foi aprobada por UNANIMIDADE e chegouse ao acordo de crear dito Regulamento por parte de tódolos Grupos Políticos.

Despois de catro anos dende esta aprobación plenaria e sen ningún apoio de ningún dos grupos do pleno para sacalo adiante, **en febreiro deste 2019 por fin se dá cumprimento a dito acordo plenario de crear ese regulamento e con el, o control fiscal anual destas asignacións**. Dito regulamento permitirá que a partir do vindeiro mandato a veciñanza coñeza onde os grupos municipais gastan os cartos que o Concello lles facilita trimestralmente para as súas funcións.

Coma sempre, a nós si nos gustan **AS CONTAS CLARAS** e queremos informarnos de que esta é a postura de AER e a súa decisión, xa que a devolución obrigatoria no caso de non ser xustificadas os gastos dos grupos, proposta que recollerá o novo regulamento, non dará comezo ata o seguinte mandato. Isto non impide que devolvamos os cartos sobrantes que nos deron dende o Concello para o noso labor como grupo e que non necesitamos gastar, ao igual que no anterior mandato devolvemos 8.000€.

A forma en que o Concello abona estes cartos como Asignación aos Grupos Políticos Municipais é trimestral. Esta dotación económica (asignación) ao Grupo é para o seu funcionamento e deberá contar cun compoñente fixo, que este mandato é de 675€ no noso Concello (900€ anterior mandato), idéntico para tódolos grupos, e outro variable de 75€ (300€ anterior mandato) por cada concelleira/o.

Se ben a regulación estatal existente fai referencia a que as cantidades serán as que cada ano determine a “Ley General de Presupuestos”, nunca dita lei fixou ningún límite, polo tanto, cada corporación libremente determina o importe total a repartir entre os grupos políticos que a integran.

O precepto legal esixe a **cada grupo levar unha contabilidade da asignación que unicamente terá que poñer a disposición do pleno da corporación cando este lla pida.**

Debido a que esa contabilidade lévaa o propio Grupo e só a mostra ao pleno cando este lla pide, algo que sabemos non pasa e que podemos comprobar nestes anos, a **contabilidade municipal só rexistra as saídas de fondos aos grupos**, xa que non é necesaria a xustificación ao Concello do destino deses fondos que se asigna a cada grupo.

Tendo en conta que eses cartos, que o Concello asigna aos representantes electos pola veciñanza e os grupos dos que estes forman parte, son para poder cubrir os gastos derivados do seu funcionamento, é de xustiza que dende AER devolvamos esta cantidade que non gastamos nestes catro anos, ao igual que o fixemos nos catro anteriores, xa que non a necesitamos para a fin para a que nos foi asignada. Por suposto devolvemos estes cartos a quen nolos deu, ao Concello de Redondela, a toda a veciñanza!

Como sabedes, **as nosas contas son públicas** dende o 2011, ano de nacemento e constitución da **Agrupación de Electores de Redondela (AER)** e podeades consultalas en calquera momento na nosa páxina web: **www.aeredondela.com** e nos **boletíns AER Informa**, tamén en papel, cando son publicadas anualmente.

Esta é a conta sobre as asignacións recibidas por cada grupo político municipal neste mandato 2015/2019. Estas asignacións recibidas do Concello foron reducidas ao principio deste mandato con respecto ás do anterior, como proposta de AER, tentando que os grupos maioritarios non reciban unhas cantidades desproporcionadas.

PP 9 concelleir@s (-1 concelleir@ do 2011/2015):

675€ por Grupo + 675€ total por Concelleir@s (75€ concelleir@ x 9)= **1.350€/trimestre** (3.900€ en 2011/15)

1350€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de mandato)= **21.600€ TOTAL PP Ingreso mandato.** (62.400€ en 2011/15)

PSOE 6 concelleir@s (-2 concelleir@s do 2011/2015):

675€ por Grupo + 450€ total por Concelleir@s (75€ concelleir@ x 6)= **1.125€/trimestre** (3.300€ en 2011/15)

1125€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de mandato)= **18.000€ TOTAL PSOE Ingreso mandato.** (52.800€ en 2011/15)

AER 4 concelleir@s (+3 concelleir@s do 2011/2015)

675€ por Grupo + 300€ total por Concelleir@s (75€ concelleir@ x 4)= **975€/trimestre** (1.200€ en 2011/15)

975€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de mandato)= **15.600€ TOTAL AER Ingreso mandato.** (19.200€ en 2011/15)

DEVOLUCIÓN total mandato: 7.238,03€

BNG 1 concelleir@ (-1 concelleir@ do 2011/2015):

675€ por Grupo + 75€ total por Concelleir@ (75€ concelleir@ x 1)= **750€/trimestre** (1.500€ en 2011/15)

750€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de mandato)= **12.000€ TOTAL BNG Ingreso mandato.** (24.000€ en 2011/15)

TOTAL ASIGNACIÓNS do CONCELLO aos GRUPOS POLÍTICOS no MANDATO 2015/19: 67.200€ (158.400€ en 2011/2015)

A partir do seguinte mandato, todas esas cantidades recibidas polos grupos políticos municipais do Concello terán que ser xustificadas anualmente ante intervención, grazas a este novo **Regulamento da Dotación Económica aos Grupos Políticos Municipais do Concello** aprobado finalmente en pleno en febreiro deste 2019, proposta plenaria de AER aprobada dende 2015, e como consecuencia dun traballo continuo de AER pola transparencia no noso Concello.

Aínda que AER fai a devolución deste cartos ao Concello por coherencia sen ter ningún tipo de obriga, o certo é que nós non podemos escoller o destino dos mesmos, por iso queremos pensar en que coa vosa participación e apoio, isto poida cambiar. **NÓS SOMOS VÓS!**

Redondela, a 20 de maio de 2019.